

# RETRATOS FANTASMA

# 1192


Kleber Mendonça Filho, 2023

ESTREA EN NUMAX: 03.11.2023 | V.O.S.E. | 93 min

Unha viaxe multidimensional a través do tempo, o son, a arquitectura e o cinema, ambientado na paisaxe urbana de Recife, capital costeira brasileira de Pernambuco, un territorio histórico e humano, examinado a través das grandes salas de cinema que serviron como espazos de convivencia durante o século XX.

«Un canto universal á cultura cinematográfica en perigo de extinción»

Guy Lodge, VARIETY



## Entrevista con Kleber Mendonça Filho: «Non se trata de copiar o pasado, pero si de recoñecer un espazo común»

Por Roger Koza

**Desde a súa primeira longametraxe de ficción, *O som ao Redor* (2012), a preponderancia do espazo é innegable. O mesmo pasa con *Doña Clara* (2016) e incluso con *Bacurau* (2019). O espazo é unha categoría determinante nos seus filmes. Como concibe o espazo?** O espazo é o primeiro que teño e tamén o que penso cando vou facer un filme. Con *O som ao Redor* e *Doña Clara* dábase unha situación interesante. En cada caso todo o que escribín estaba concibido a partir de localizacións específicas porque coñecía moi ben os lugares nos que íamos filmar. Con *Bacurau*, en cambio, escribín o guión por moito tempo sen ver ningunha localización; xusto antes de filmar atopamos o lugar. Nese caso, unha vez coñecemos a localización intentamos que encaixase co guión.

**En *Retratos fantasma*, ademais, o espazo ten unha relación específica co tempo. Que o levou a incluír a relación entre distintas ficcións que rodou na casa na que viviu coa súa nai?** Moitas das escenas de *O som ao Redor* rodáronse no meu piso, como se pode observar en *Retratos fantasma*. É interesante constatar a transformación que acaece cando se filma en 35 mm e en scope nun espazo no que se vive, un piso normal. O mirar que ten lugar cando se concibe o encadre da cociña ou o salón e ese espazo doméstico se converte nun lugar de ficción. Hai algo do pretérito patrón da montaxe soviética cando en *Retratos fantasma* se pode ver o mesmo lugar filmado en distintos formatos e durante tantos anos. Foi un descubrimento e definiu a primeira parte do filme. Pensei que se saía ben, non só tiña a estrutura para o resto do filme (a segunda parte), senón que aí residía o corazón de todo. Os filmes caseiros que facía nese piso cos meus amigos e en VHS e Super 8 foron os que me fixeron cineasta. Por iso penso que o espazo é o primeiro que determina o cinema. Por suposto, no cinema existe o artificio.

**No cinema de hoxe, os espazos pódense simular. Que pensa sobre a construción dixital de territorios e cidades?** Podemos pensar en calquera filme, un de Hollywood, como *Casablanca* (Michael Curtiz, 1942), que se rodou en Londres e Los Ángeles. Cando fixen *Bacurau* moito do que pasa nese filme está intimamente relacionado coa xeografía, co feito de estar filmando no Sertón. Esa paisaxe e a sensación da súa temperatura inflúen no filme. É tamén unha paisaxe que remite eventualmente ao *western* estadounidense, pero non soamente a ese xénero, porque esa xeografía revive os escenarios do Cinema Novo. Non se trata de copiar o pasado, pero si de recoñecer un espazo común, un territorio do cinema brasileiro que impregna unha forza e provoca unha paixón maior por filmar.

**En *Retratos fantasma* existen distintos matices sobre o sentido da palabra “fantasma”: que entende polo espectral?** Todo pasa por como se poetiza a noción de espectro. A precisión cartesiana non está en xogo, polo menos respecto da fotografía do fantasma que se ve no filme. Habería unha explicación de como foi posible que se deixase ver nesa fotografía, pero preferín apoiarme nunha vía poética. Encontrei esa imaxe nun negativo, que retirei dun laboratorio profesional. A foto víase estraña e misteriosa. Cando lla amosei a varios amigos, sobre todo aos que estaban máis embebidos nalgunha crenza espiritual, dábanlle á imaxe un sentido real, é dicir, tratábase dun fantasma. Eu son escéptico, pero satisfacíame o que pasa arredor desa fotografía.



Na librería  
**NUMAX**  
numax.org/librería

*Doña Clara*,  
Kleber Mendonça Filho.  
Cameo [DVD]

*La poética del espacio*,  
Gaston Bachelard.  
Siglo XXI España, 2016